

Convenio de adhesión REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

REUNIDOS

Dunha parte, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), co C.I.F: Q-6550009-B e enderezo Cidade da Cultura, Monte Gaiás s/n 15707 de Santiago de Compostela, que actúa en exercicio das facultades conferidas ao presidente do Consello Reitor pola Lei 4/2008 do 23 de maio, de creación da Agadic e o Decreto 150/2012 de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Agadic e por delegación do Consello Reitor, ao abeiro da súa Resolución do 24 de xullo de 2012, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic (DOG do 29 de agosto de 2012).

E doutra banda, **Juan Vicente Penabad Muras**, en calidade de representante legal e responsable de programación da entidade **Concello de Ortigueira** con domicilio para estes efectos **Praza Isabel II, s/n Ortigueira CP: 15330** e con CIF **P-1506200-C** titular do **Teatro da Beneficencia**

Ambas as partes recoñécense mutuamente a capacidade legal para obrigarse e a tal fin formalizan este convenio de adhesión, que se enmarcará na programación específica do circuíto de programación estable, denominado **Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA)**, e de conformidade coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio de adhesión, de conformidade coa proposta de programación presentada pola entidade **Concello de Ortigueira** é a realización do programa de actuacións para o semestre de referencia, que deberá desenvolverse no teatro **Teatro da Beneficencia**, e que deseguido pasa a detallarse, coas condicións especificadas posteriormente segundo o establecido na Resolución do 21 de novembro de 2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, así como na Resolución do 28 de febreiro de 2011 e publicada no DOG número 70 do 8 abril de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na RGTA.

PR	DATA	HORA	COMPANHIA	ESPECTÁCULO	LUGAR	AGADIC	ESPAZO
PA	25-08-2018	21:00	GALEMUSICA, S.L.	ALMA, CORAZÓN Y VIDA	Alameda de Ortigueira	5,988.96 €	20,631.04 €
					Total:	5,988.96 €	20,631.04 €

(* Cantidades con impostos engadidos)

SEGUNDA.- A contratación efectiva de cada grupo ou compañía persoa consonte á programación e coa contraprestación económica recollida na táboa superior, será competencia da Agadic e da entidade **Concello de Ortigueira** de conformidade cos respectivos importes consignados no cadro anterior.

TERCEIRA.- A entidade **Concello de Ortigueira** comprométese ao pago das contías estipuladas para cada actuación, así como á achega da infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo de cada actividade contratada (luz, son, persoal de carga e descarga...), conforme o establecido no rider técnico presentado polas compañías xunto a súa proposta de participación na RGTA. Para poder levar a efecto estes compromisos, a entidade **Concello de Ortigueira** deberá reunir todas as condicións técnicas necesarias para a celebración satisfactoria das actividades programadas, consonte coa Resolución de 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, así como na Resolución do 28 de febreiro de 2011 e publicada no DOG número 70 do 8 abril de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Existe o crédito adecuado e suficiente previsto para atender as obrigas económicas que se deriven da contratación con cargo á aplicación orzamentaria 10A1 432B 6401 do proxecto da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2018.

CUARTA.- Os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de actuacións, así como os gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos corresponderanlle á entidade **Concello de Ortigueira**

En ningún caso a Agadic adquire coa sinatura deste documento ningún tipo de relación laboral nin coa entidade nin co persoal que se atope ao seu servizo, sendo por conta desta o cumprimento de calquera obriga fiscal, así como das disposicións en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

Tamén será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

QUINTA.- Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos como no material de difusión que se realice, as partes comprométese a facer mención expresa da mutua colaboración.

A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro das actuacións contidas neste convenio a imaxe corporativa da Agadic e da Xunta de Galicia. Así como o logotipo da Rede Galega de Teatros e Auditorios, seguindo as normas respectivas en



materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio. Do mesmo xeito, nos actos de comunicación pública levados a cabo débese facer constar expresamente a colaboración da **Agadic (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia)** no desenvolvemento das actividades conveniadas.

SEXTA.- Agadic comprométese ao pagamento das cantidades estipuladas para cada actuación, para o que será necesaria a presentación por parte da compañía do certificado da realización da función, asinado e selado pola entidade e polo representante da compañía, (modelo para descargar na páxina de xestión: www.galescena.gal), e que lle será facilitado pola entidade á compañía unha vez esta conclúa a actividade.

A entidade **Concello de Ortigueira** remitirá a información sobre públicos e facturación en formato electrónico a través da páxina www.galescena.gal nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración da actuación.

SÉTIMA.- As partes asinantes deberán cumprir cas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes. Así mesmo a entidade acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro da Xunta de Galicia.

OITAVA.- O incumprimento do estipulado no presente convenio, en particular, ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, dos horarios, dos espazos escénicos onde se desenvolva o espectáculo, do aboamento efectivo das cantidades consignadas no cadro de programación, do establecido en relación cos prezos mínimos ou da obriga de entrega das certificacións da realización das funcións e da remisión electrónica da información sobre públicos e facturación, serán motivo da resolución inmediata do mesmo, con independencia das indemnizacións que por danos e perdas lle correspondan.

NOVENA.- Non se programará ningunha actividade do circuío con motivo de ou so pretexto doutra actividade de calquera tipo (premios, cursos, concursos, encontros, festivais...) na que se poida intercalar ou incluír, sen consentimento explícito e por escrito de Agadic, co fin de non desprazar o obxectivo de acrecentar e fomentar programacións estables nos concellos e entidades xestoras de espazos escénicos, ou de crear confusión entre as institucións asinantes deste convenio e aquelas outras institucións ou entidades que participen nas actividades enmarcadas neste convenio.

En todasas actuacións deste convenio ofreceranse invitacións de protocolo á Agadic nun número proporcional ao número de asentos do teatro, e sen que en ningún caso poida ser inferior a cinco nin superior ao 5% do aforo total.

DÉCIMA.- Este convenio quedará sen efecto e anulado, e non dará dereito a reclamación ou indemnización de ningún tipo no caso de incumprimento polas causas de forza maior establecidas legalmente. Para estes efectos, consideraranse como casos fortuítos ou de forza maior os seguintes: catástrofes naturais, incendios, actos vandálicos e de terrorismo que afecten ao normal desenvolvemento do espectáculo, folgas, loito nacional e avarías que afecten ao servizo ou subministración eléctrica.

DÉCIMO PRIMEIRA.- No prazo máximo de seis meses a partir da finalización das actividades reflectidas neste convenio, a entidade **Concello de Ortigueira** deberá ter liquidadas e satisfeitas as obrigas que tivera pendentes en calquera dos ciclos da RGTA coas compañías participantes ata o segundo semestre do exercicio anual inmediatamente anterior. O incumprimento deste requisito poderá ser causa suficiente para a baixa e exclusión directa do circuío Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Se transcorrido o primeiro semestre do novo ano a entidade non aboara calquera dos pagamentos comprometidos ata o segundo semestre do ano anterior, a Agadic poderá cancelar as actuacións previstas para o segundo semestre do novo ano, sen que iso exima á entidade do aboamento das actuacións realizadas no primeiro semestre, no suposto de que se levaran a cabo.

DÉCIMO SEGUNDA.- Para os efectos de velar pola boa marcha e cumprimento do estipulado neste convenio, e segundo o previsto no artigo 40.f da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o Comité Técnico establecido na Resolución do 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios asume as funcións da comisión mixta de coordinación e seguimento das actuacións levadas a cabo para a consecución dos obxectivos fixados no presente documento. En consecuencia, as cuestións xurdidas sobre a súa interpretación, modificación, resolución e efectos serán resoltas, en primeira instancia, polo citado Comité.

DÉCIMO TERCEIRA.- Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO CUARTA.- O incumprimento das cláusulas deste convenio por calquera das partes poderá dar lugar á súa denuncia. As posibles controversias ou discrepancias na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolveranse por diálogo directo entre as partes, ou ben polo Comité citado na estipulación 12ª; e, en caso de persistir estas e de non chegar a un acordo, as partes someterán as cuestións litixiosas que se poidan derivar na súa interpretación, desenvolvemento e execución ao coñecemento dos xulgados e tribunais da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao que xurda a cuestión litixiosa.

E en proba de conformidade co anteriormente exposto, asinan





Jacobo Sutil Nesta		Juan Vicente Penabad Muras
Director da Agadic		Responsable da entidade

